

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

12751 *Real decreto 1301/2009, do 31 de xullo, polo que se crea a Comisión interministerial para a designación da sociedade xestora do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.*

A disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, modificada polo Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, consideraba a posibilidade da cesión dos dereitos de cobramento dos déficits do sistema de liquidación eléctrico a un fondo de titulización. A sociedade xestora dese fondo de titulización, denominado Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, deberá ser designada por unha comisión interministerial.

Atendendo ao contido da citada disposición adicional vixésimo primeira, mediante este real decreto créase a citada comisión interministerial, que estará integrada por representantes dos órganos que se determinan neste.

De acordo co establecido no artigo 40.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, a norma de creación da comisión interministerial debe revestir a forma de real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Creación e adscrición.*

1. Créase unha comisión interministerial que terá como finalidade a designación da sociedade xestora do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.

2. Esta comisión interministerial é un órgano colexiado dos previstos no artigo 40.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e adscríbese ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría de Estado de Enerxía.

Artigo 2. *Composición.*

1. A comisión interministerial estará composta por dous representantes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e dous representantes do Ministerio de Economía e Facenda.

2. Os representantes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio serán o secretario de Estado de Enerxía, quen desempeñará a presidencia da comisión, e o director xeral de Política Enerxética e Minas. Os representantes do Ministerio de Economía e Facenda serán o secretario de Estado de Economía, que actuará como vicepresidente, e a directora xeral do Tesouro e Política Financeira.

3. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, o subdirector xeral de Enerxía Eléctrica.

Artigo 3. *Funcións.*

Corresponde á comisión interministerial:

a) A designación da sociedade xestora do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico. A sociedade xestora designada necesariamente deberá estar inscrita no rexistro

especial aberto para o efecto pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, conforme o artigo 13, número 3, do Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulización de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulización.

b) A aprobación dun procedemento, baseado nos principios de obxectividade, transparencia e publicidade, polo que as sociedades interesadas que conten con profesionais de recoñecida e probada experiencia na materia poidan optar a esa designación.

c) A determinación das condicións técnicas, económicas, financeiras e patrimoniais que deberá cumprir a sociedade que xestione o Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.

Artigo 4. *Funcionamento.*

1. Sen prexuízo das peculiaridades establecidas neste real decreto e, de ser o caso, nas súas regras de funcionamento interno, as convocatorias da comisión interministerial, así como o seu réxime de constitución, de adopción de acordos e de celebración das sesións, axustaranse ao previsto en materia de órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros da comisión poderán ser substituídos por un representante do mesmo ministerio, previamente designado polo membro que vaia substituír. Para estes efectos, un secretario de Estado poderán ser substituído por un director xeral, un director xeral por un subdirector xeral e un subdirector xeral por outro subdirector xeral.

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade de ambos os secretarios de Estado, actuará como presidente da comisión o director xeral de Política Enerxética e Minas.

Artigo 5. *Participación e colaboración coa comisión.*

Cando así o aconselle a natureza dos asuntos que se vaian tratar, o presidente da comisión interministerial poderán convocar, para que asistan ás súas reunións, representantes doutros órganos da Administración xeral do Estado e expertos para que, con voz pero sen voto, colaboren e asesoren a comisión.

Artigo 6. *Asesoramento técnico.*

A comisión interministerial poderán solicitar o asesoramento técnico da Comisión Nacional de Enerxía e de representantes da Comisión Nacional do Mercado de Valores polas especiais condicións de experiencia e coñecementos que concorren en tales organismos.

Artigo 7. *Extinción da comisión.*

A comisión interministerial quedará automaticamente extinguida unha vez designada a sociedade xestora do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.

Disposición adicional única. *Custo económico.*

A aplicación das previsións contidas neste real decreto non supón aumento do gasto público, toda vez que o funcionamento da comisión interministerial para a designación da sociedade xestora do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico se desenvolverá cos recursos humanos e cos medios materiais existentes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado no Consulado Honorario de España en Funchal o 31 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN